



... así desas. Mira que, conto a verdá como hei de morrer-e.

Víñame un mozo pra onda min, que non sei que topaba, pois no larghaba, tiña que o despachar, tiña que o despachar-e, si quería falar con outro... pois tiña que despachalo. Que non é decir. Porque alghúns mozos, iba unha temporada un mozo para onda unha moza, pero larghaba, marchaba e non volvía. Pero pra onda min o que viña non tiña ghana de larghar. Non marchaba. Eu non sei, eu non sei porque eu nunca fun ghraciosa, nin simpática, eu non sei. Nin ghuapa. Sabes o que tiña? Tiña, pra aquel tiempo -que eu era moza-. Tiña, tres cousas que se levaban moito. Tiña unha trenzaza de pelo, así do ancho daquí desta muñeca e cheghábame aquí á franxa da rodilla, ghrande. Era ben empeitada, que aghora non son, que tiven moito a quen manter, pero cando era moza era ben empeitada. E, e despois as perniñas, hoxe teño as botas pero, outras aínda hai que as teñen máis mal feitas pero naquel tiempo a moza que tiña unha trenza boa de pelo, era ben empeitada e tiña as pernas ben feitas anque fora fea dábanlle o nome de ghuapa e era ghuapa e adiós. Era ghuapa, non che é mentira que che era así. Como aghora se leva o pelo así desatado, antes era a trenza atada hasta o fondo. Si...

- Entonces como era, como che falaban os mozos?

(Risa) Como lle falaba aos mozos? Ai, miña meniña.

- E as coplas que botases un a outro.

Os mozos... iba á feira e paseaba mozos todo o día de Dios. Todo o día, mozos que non me conocían de nada, fíjate ben, que non me conocían de nada, nin eu a eles.

- E non lle reñían na casa algho tamén por pasear tanto?

Non porque era na feira, non sabes? Na feira á vista, na calle, que eu non me retiraba con eles a ningún retiro. Alí á vista e (?). Pero quero decir, que andaba con un, se cadra unha migha, e víñache por detrás outro, petábache así no ombro. E miraba para atrás e: “Que? Que querías?”. Dixo el: “Se podes andar un pouco con outro mozo, se deixas ese”. E bueno, pois... dentro dun pouquiño. Eu marchaba un pouco con el e así que me parecía decía: Mira, chámame ese mozo, teño que andar un pouco aí con ese outro chaval e tal. E deixabame e ala. E se cadra mozas ghuapísmas, portadas, estaban alí e non tiñan mozos, hombre. ... a min. Pero, Dios mío, que pensarán, esas mozas tan portadas e eu...